
PREGO DE CONDICIÓN DAS CONCESIÓN DOS NICHOS E COLUMBARIOS VALEIROS DO CEMITERIO MUNICIPAL DE SAN AMARO EN PONTEVEDRA

CAP. I. ELEMENTOS DO CONTRATO.

1. Obxecto.

É obxecto do presente prego de condicións regular o procedemento, adxudicación e o contido da concesión demanial para o uso privativo dos nichos e columbarios valeiros no Cemiterio municipal de San Amaro que de seguido se relacionan. Este prego, cos documentos que preceptivamente o integran, formarán parte do contrato que no seu día se outorgue.

Nichos que se ofertan en concesión:

696 nichos que se adxudicarán en lotes de 1,2 ou 4.

Columbarios que se ofertan en concesión:

72 columbarios que se adxudicarán de 1 en 1.

Ao presente prego incorporanse como anexo II un plano no que se describe a ubicación dos nichos que se ofertan, que forman parte da 4ª fase de ampliación do cemiterio de San Amaro

2. Natureza xurídica da concesión

A ocupación en concreto de cada nicho ou columbario, conceptúase como unha utilización privativa dun ben demanial, que precisa do oportuno título habilitante. Este título, dadas as súas características, terá a consideración dunha concesión administrativa demanial.

As concesións administrativas demaniais dos nichos e columbarios, encandrase legalmente no artigo 93 da Lei 33/2003, de patrimonio das Administracións Públicas, así como o artigo 78 do Regulamento 1372/1986, de bens das Entidades Locais.

Esta concesións administrativas demaniais outorgaranse en todo caso a salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

En todo caso, os nichos e columbarios seguiran sendo de titularidade e propiedade do Concello de Pontevedra.

3. Taxas polas concesións dos nichos.

De conformidade coa ordenanza fiscal nº8 reguladora da taxa pola prestación de servizos nos cemiterios municipais as taxas a esixir pola concesión dos nichos e columbarios serán as seguintes:

A) NICHOS: A contía varía en función dos anos de duración da concesión e da ubicación destes que son as seguintes:

FILAS	POR 5 ANOS	POR 75 ANOS
1ª	319,83 €	1.332,64 €
2ª	347,65 €	1.448,52 €
3ª	347,65 €	1.448,52 €
4ª	292,03 €	1.216,75 €

COLUMBARIOS:

No caso dos columbarios o importe das taxas será o 32% do prezo dos nichos.

O pago das taxas efecturase con carácter previo a adxudicación das concesións dos nichos e columbarios. A estes efectos, publicarase unha proposta inicial de adxudicación dos nichos e columbarios na páxina web do Concello de Pontevedra (www.pontevedra.eu) e no taboleiro de anuncios. Os que resulten propostos inicialmente como adxudicatarios deberán aboar as taxas de conformidade co disposto neste artigo nun prazo de 5 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da proposta inicial de adxudicación no taboleiro de anuncios. O aboamento destas taxas deberá efectuarse no núm. de conta 2080 0407 30 0040100872 correspondente a entidade CAIXANOVA. No xustificante de aboamento deberá facerse constar o **CONCEPTO** polo que se paga: "**CONCESIÓN DE NICHOS E COLUMBARIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE SAN AMARO**" e o **NOME E APELIDOS DO ADXUDICATARIO** debéndose presentar no prazo de cinco días naturais citado no rexistro xeral do Concello de Pontevedra. En caso de non realizar o pago ou non presentar o xustificante no citado prazo o adxudicatario será excluído do proceso de adxudicación.

CAP. II. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

4. Capacidade, requisitos para ser concesionario e limitacións para ser titular das concesións.

Están capacitados para presentar solicitudes de participación neste procedemento de adxudicación única e exclusivamente as persoas físicas sempre e cando teñan plena capacidade de obrar e non estén afectados por ningunha das circunstancias que enumera o art. 49 da Lei 30/2007, de contratos do sector público como prohibitivas para contratar e cumpran coas limitacións e requisitos que se establecen neste prego.

Dádalas características do contrato, que versa sobre unha concesión de tipo demanial sen que conleve a prestación de servizo de ningún tipo polo posible adquirente, non se establecen criterios de solvencia técnica nin económica.

Por outra banda e co fin de facilitar nichos e columbarios as persoas que residan ou estén vinculadas co Municipio de Pontevedra, evitar posibles especulacións cos bens municipais e facilitar que a maioría dos cidadáns poidan ser titulares de concesións:

1- Non poderán ser concesionarios dos nichos e columbarios as persoas xurídicas.

2- Ningún concesionario poderá ser titular de máis de 4 nichos e 1 columbario. Esta limitación implica:

a) Cada participante non pode solicitar que se lle asignen máis de 4 nichos e 1 columbario.

b) Cada participante se é titular de algún nicho ou columbario nos cemiterios municipais de Pontevedra só poderá solicitar tantos nichos ou columbarios como lle falten para ser titular de 4 nichos e 1 columbario.

3- Como xa se expuxo no artigo primeiro, só se poden solicitar 1,2 ou 4 nichos e 1 columbario tendo en conta as limitacións establecidas no punto anterior.

4-Só poderán solicitar ser concesionarios de nichos ou columbarios os nados no Municipio de Pontevedra ou empadroados no Concello de Pontevedra cunha antigüidade mínima dun ano anterior a que se publique o anuncio de apertura do procedemento de adxudicación no BOP.

O Concello de Pontevedra verificará si se cumpren os condicionantes, requisitos e limitacións establecidos. O non cumprimento destes determinará a exclusión do procedemento. O Concello de Pontevedra poderá recabar información de calquera solicitante en relación a algún dos extremos que sexa necesario para participar neste procedemento.

5. Publicación dos pregos e anuncio de apertura do procedemento de adxudicación.

Os pregos publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Pontevedra (www.pontevedra.eu) durante o prazo de 30 días hábiles. Así mesmo publicárase un anuncio de apertura do procedemento de adxudicación no BOP.

6. Presentación de solicitudes de adxudicación: lugar e prazo de presentación, formalidades e documentación.

Lugar e prazo de presentación.- As solicitudes para ser adxudicatario dos nichos e columbarios presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, no horario de oficina de

Luns a Sábados durante os 30 días hábiles seguintes ó da publicación do anuncio de apertura do procedemento de adxudicación no BOP.

Tales prazos poderán ser prorrogados de concorrer as circunstancias previstas no art. 78.3 do Rd 1098/2002.

Tamén poderán presentarse solicitudes por correo, neste caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar a remisión da solicitude o mesmo día ó Concello de Pontevedra, por FAX, TELEX ou TELEGRAMA. Sen cumprir tales requisitos non será admitida a solicitude, así como no caso en que se recibira fóra do prazo fixado nestes pregos.

Non obstante, transcorridos 10 días desde a terminación do prazo de presentación, non será admitida ningunha solicitude enviada por correo.

A presentación das solicitudes de adxudicación de nichos e columbarios supón a aceptación incondicionada deste prego de condicións e de cantas obrigas deriven deste.

Formalidades e documentación.- As solicitudes para ser adxudicatario dos nichos e columbarios presentaranse de conformidade co modelo que figura como anexo I a estes pregos. A esa solicitude deberase acompañar a seguinte documentación:

Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte.

CAP. III. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

7. Criterio de selección e adxudicación dos nichos.

En caso de haber máis solicitudes que nichos ou columbarios dispoñibles, adxudicarase por orde de entrada no rexistro de entrada do Concello de Pontevedra.

O Concello de Pontevedra realizará a asignación concreta dos nichos e columbarios de conformidade coa proposta do administrador do cemiterio municipal.

8. Requisito de emendas, exclusións e proposta de adxudicación

Concluído o prazo de presentación de solicitudes de adxudicación, se se observaran defectos ou omisións subsanables na documentación ou solicitude presentada, concederase un prazo non superior a 3 días hábiles para que os solicitantes as subsanen. Dito requisito publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Pontevedra (www.pontevedra.eu) sen prexuízo da súa notificación individual os participantes. As solicitudes que tiveran defectos emendables e non o fixesen no citado prazo serán excluídas deste procedemento de adxudicación.

Igualmente, serán excluídas deste procedemento de selección sen necesidade de requirimento as solicitudes que presenten defectos insubsanables ou de quenes non reúnan os requisitos, a capacidade para participar neste procedemento ou non respecten as limitacións e condicionantes fixados neste prego.

O Concello de Pontevedra queda facultado para facer requirimentos de aclaracións ou complemento en relación as solicitudes presentadas polos solicitantes. Dito requirimento deberá atenderse nun prazo non superior a 3 días hábiles. Se non atende este requirimento é motivo de exclusión deste procedemento de selección.

O Concello de Pontevedra está facultado para solicitar todos os informes e obter todas as informacións que considere convenientes ou/e necesarios para a correcta adxudicación das concesións.

Posteriormente, realizarase unha proposta inicial de adxudicación a favor de tódolos solicitantes que reúnan os requisitos para participar neste procedemento. Dita proposta inicial de adxudicación publicárase na páxina web do Concello de Pontevedra (www.pontevedra.eu) e no taboleiro de anuncios durante un prazo de 5 días naturais. Nesa proposta tamén se fará constar os participantes excluídos co motivo da exclusión así como os que reunindo tódolos requisitos quedan excluídos do procedemento de adxudicación por superar a demanda de concesións de nichos a oferta; se ben neste último caso faranse constar por orde de presentación no rexistro de entrada do Concello.

Como xa quedou exposto, os que resulten propostos inicialmente como adxudicatarios deberán aboar as taxas de conformidade co disposto no artigo 3 deste prego no prazo de 5 días naturais contados a partir do día seguinte a publicación da proposta inicial de adxudicación no taboleiro de anuncios. Os que non o realicen serán excluídos do procedemento de adxudicación.

No suposto de que algún participante figurase na proposta inicial de adxudicación pero non cumprise cos requisitos para participar neste procedemento ou non atendese os requirimentos de emenda ou non aboase as taxas nos prazos establecidos entón poderíase requirir a participantes que reunindo todos os requisitos non foran propostos inicialmente de acordo co criterio de selección fixado no artigo anterior. Neste caso requírase para que nun prazo de 5 días naturais faga o ingreso das taxas correspondentes.

Unha vez transcorrido o prazo para o aboamento das taxas farase unha proposta definitiva de adxudicación que se axustará á inicial salvo que estemos nalgún dos supostos establecidos nos dous parágrafos anteriores (non aboamento das taxas e solicitantes inicialmente excluídos por ser a demanda de nichos e columbarios superior a oferta). En caso de estar nalgún destes últimos supostos determinará que non

figuraran na proposta definitiva os que non aboasen as taxas e incluíranse aqueles que non estando nun primeiro momento por ser superior a demanda á oferta aboasen as taxas no prazo establecido no parágrafo anterior. A proposta definitiva de adxudicación someterase a mesma publicidade e durante o mesmo período que a inicial.

9. Adxudicación.

A adxudicación, que será motivada, acomodarse á proposta definitiva de adxudicación.

O acordo de adxudicación conterá tódolos pronunciamentos precisos sobre os adxudicatarios, sobre a inadmisión ou rexeitamento das solicitudes de participación coa debida motivación. Os que reunan os requisitos pero se exclúan por superar a demanda á oferta de nichos farase constar na resolución pola orde de rexistro de entrada. Unha vez acordada, seralle notificada ós participantes na licitación e ós remitentes das solicitudes rexeitadas.

Se os adxudicatarios non formalizasen os seus contratos ou incumprisen as obrigas que se precisan nos presentes pregos para elo, as concesións poderán ser adxudicadas ós demais participantes que fosen excluídos por ser superior a demanda a oferta por orde de entrada no rexistro do Concello de Pontevedra.

10. Garantía definitiva.

Os adxudicatarios quedan dispensados da necesidade de constituir garantía definitiva ao amparo do artigo 83 da LCSP, dado que non se considera necesario establecer unha garantía especial para este tipo de concesión.

11. Formalización do contrato.

O Concello e o concesionario formalizarán o contrato en documento administrativo dentro dos 10 días hábiles seguintes ó de notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro. Non obstante o anterior, dito contrato administrativo podrá elevarse a escritura pública a pedimento do contratista e ó seu custo. O contratista, ademais do contrato, deberá asinar o presente prego.

12. Gastos a cargo do adxudicatario.

Serán de conta do adxudicatario os seguintes gastos:

- 1-Os tributos estatais, municipais e rexionais que deriven do contrato.
- 2-Asumi-lo pagamento dos tributos que graven a constitución desta concesión, así como as sucesivas transmisións. Ditos tributos non forman parte do prezo de adxudicación.

3-Os de formalización pública do contrato de adxudicación, de se-lo caso.

4-Calesquera outros que deriven do presente prego ou sexan esixibles de conformidade coa normativa vixente en cada momento.

Independentemente das taxas pola concesión, o adxudicatario deberá de satisfacer as taxas que para cada periodo ou ano se poidan ou se establezan nas ordenanzas municipais vixentes, en relación co mantemento, ocupación do cemiterio ou pola realización das actividades que se establezan.

CAP. IV. RÉXIME E EXTINCIÓN DO CONTRATO.

13. Duración da concesión.

Establecese dous períodos de duración da concesión. Os participantes poderán solicitar que se adxudiquen os nichos e columbarios por un prazo de 75 anos improrrogables ou por un prazo de 5 anos que será prorrogable por unha soa vez e por un prazo máximo de 5 anos, sempre neste último caso que o solicite o adxudicatario antes de vencer o citado prazo de 5 anos. Ambos prazos (de 5 ou 75 anos) comenzarán a contar dende a data de formalización dos contratos de concesión demanial dos nichos.

14. Transmisión das concesións dos nichos e columbarios.

Únicamente, podera transmitirse a concesión dos nichos e columbarios mortis causa, a favor dos herdeiros ou legatarios do concesionario. Asimilarase a morte, a declaración de falecemento ou de ausencia do titular, segundo establece a lexislación civil. De haberse transmitido en testamento con carácter proindiviso a dúas ou máis persoas, éstas deberán determinar e comunicar ó Concello quen dentre elas ha de suceder na titularidade.

Para o suposto de declaración de deserta da herdanza, a concesión considerase automaticamente extinguida e vacante.

O adquirente subrogarase na posición do anterior concesionario, podendo instar a resolución da mesma concesión, sen obter dereito a indemnización de ningún tipo.

Nos supostos de falecemento do titular do dereito, e ata tanto se provea a nova titularidade mediante a aplicación do Dereito sucesorio, o Concello, sen prexuízo de terceiros, poderá expedir un título provisional a nome do familiar con relación de parentesco máis próxima que o solicite.

A estos efectos o Concello poderá exixir certificado de defunción do titular anterior, sempre que o mesmo non se inhumase en recintos municipais.

En todo caso, fíxase un prazo máximo de 5 anos para que o novo titular comunique o Concello a súa condición e solicite a autorización da transmisión, de tal forma que senón o acredita poderá producirse a extinción da concesión sen dereito a indemnización. Exceptuase unicamente no suposto que estivese en litixio a titularidade da concesión, en cuxo ese prazo ampliase ata que exista sentenza firme, en cuxo caso disporá de catro meses desde a data da sentenza firme para comunicar que é o titular e se autorice polo Concello. En caso contrario, producirase a extinción da concesión sen dereito a indemnización.

En calquera caso, a concesión sempre se extinguiña se transcorreu o prazo de vixencia desta ou concorre algunhas das causas establecidas neste prego.

En todo caso, queda expresamente prohibida a transmisión das concesións inter vivos.

15. Gravame.

Dado o seu carácter de dereito real inscribible no Rexistro da Propiedade, a concesión poderá, de ser o caso, ser obxecto de hipoteca polo seu titular, hipoteca que deberá de atoparse cancelada no momento de extinción da concesión.

Para o caso de execución, o acreedor hipotecario subrogarase na posición do anterior concesionario, podendo instar a resolución da mesma.

Estas hipotecas estarán en todo caso sometidas a autorización do órgano concedente do Concello, o seu réxime adaptarse ó previsto nos arts 97 e seguintes da Lei 33/2003, sen que quepan se non fosen para financiar obras de ampliación, modificación ou mellora das instalacións ou construcións de carácter fixo existentes na concesión.

16. Autorización municipal

Calquera alteración na titularidade ou no contido das concesións outorgadas, incluído o seu gravame mediante hipoteca, deberá de ser autorizada polo Concello. As transmisións ou traspasos que non contén con autorización municipal producirán a extinción da concesión.

En todo caso, a transmisión producirá a subrogación do adquirente nas mesmas condicións do anterior titular, polo tempo que faltase para a finalización da concesión e no seu caso co pagamento da taxa que se prevea a este respecto na Ordeanza fiscal municipal.

Igualmente, a concertación de arrendamentos sobre as unidades de enterramento concedidas producirá a extinción do dereito.

17. Dereitos dos concesionarios

Os concesionarios terán os seguintes dereitos:

- 1- Á conservación de cadáveres e restos cadavéricos nos nichos ou columbarios de acordo co disposto na normativa municipal, na lexislación sobre policía sanitaria mortuoria e demais normativa aplicable.
- 2- Á ordenación en exclusiva das inhumacións, exhumacións, redución de restos e outras prestacións que deban efectuarse no nicho ou columbario adxudicado.
- 3- A exixir a prestación dos servizos de inhumación, exhumación, traslado e demais postos á súa disposición polo Concello coa dilixencia, profesionalidade e respecto exixidos pola natureza da prestación. A estes efectos poderá exixir a prestación dos servizos nos días sinalados ao efecto polo Concello ou, de ser o caso, coa rapidez aconsellada pola situación hixiénico-sanitaria do cadáver.
- 4- Esixir a adecuada conservación, limpeza xeral do recinto e coidado de zonas xerais axardinadas.
- 5- Formular, ante o Concello , cantas reclamacións estime oportunas.
- 6-Cando deba desocuparse algún cemiterio por traslado das súas instalacións ou pola causa que fose, terán dereito a ocupar unha unidade da mesma clase no novo, polo tempo que restase para a extinción da concesión orixinaria sen dereito a indemnización.

18. Obrigas dos concesionarios.

Os concesionarios terán as seguintes obrigas:

- 1-Os titulares deberán de ter, a disposición das autoridades municipais ou competentes en materia de inspección sanitaria, un documento xustificativo do seu dereito, que será facilitado polo Concello no momento da concesión (contrato de concesión) ou transmisión (autorización de transmisión). Se o concello o considera poderá expedirse e outorgarse outro documento acreditativo da titularidade da concesión.

A acreditación dos anteriores documentos será preceptiva para atender á solicitude de demanda de prestación de servizos ou autorización de calquera titpo de obras.

2- Satisfacer a contía das taxas que para cada periodo ou ano se poidan ou se establezan nas ordenanzas municipais vixentes, en relación co mantemento, ocupación do cemiterio ou pola realización das actividades que se establezan, por dereitos de utilización das unidades de enterramento e demais taxas por servizos do cemiterio ou calquera outra relacionada con este servizo, na forma e prazos de ingreso que virán determinadas en cada momento pola Ordenanza fiscal correspondente.

3- Satisfacer calquera gasto ou tributo que sexa legalmente ou regulamentaria esixible de conformidade coa normativa vixente en cada momento.

3-Manter en bó estado a porción de dominio utilizado e, no seu caso, as obras que constrúan.

4-Coidar de que as unidades concedidas e os seus espazos lindantes se atopen en todo momento en bó estado, limpos e libres de obstáculos e residuos, limitando a colocación de elementos ornamentais ó espazo físico asignado.

5-Facilitar os datos e comprobacións que lles sexan solicitados pola Administración ou Servizos sanitarios.

6-Dispor das autorizacións necesarias para a inhumación, exhumación ou traslado de cadáveres e demais restos cadavéricos.

7-Observar, en todo momento, un comportamento adecuado.

8- Arrojar lixo e residuos nos recipientes previstos a tal fin.

9-Cumprir cantas outras obrigas resulten destes pregos, da normativa municipal que en cada momento se estableza e demais disposicións legais que sexan de aplicación, especialmente en materia de sanidade mortuoria.

19. Obras e instalacións

Toda obra de construción, adaptación ou reforma que desexen levar a cabo os titulares das concesións deberá facerse de conformidade cos modelos establecidos ou que poida establecer a Corporación, logo da oportuna autorización desta que se articulará a través da licenza de obra.

Os titulares das concesións demolerán a súa costa as obras non autorizadas, vindo obrigados a reparar e indemnizar os danos ocasionados a persoas ou cousas.

Toda obra que se pretenda realizar axustarase ao que dispoña o Concello en cada momento, especialmente as normativas municipais e ós criterios técnicos municipi-

pais. En todo caso deberá motivarse a concesión ou denegación da autorización das obras.

Todas as obras autorizadas ó termo da concesión pasarán a ser titularidade do Concello de Pontevedra sempre que estén unidas de modo permanente á unidade de enterramento, sen dereito a indemnización ningunha aos titulares, á finalización do prazo de adxudicación. Entenderase que tales obras están unidas de modo permanente cando non se poidan separar sen quebranto, dano ou deterioro dos elementos de calquera dos elementos unidos.

20. Causas de extinción:

- 1- Por caducidade, é dicir a finalización do prazo de duracion da concesión.
- 2- Renuncia do titular.
- 3- Cando sobreveña unha causa de prohibición para contratar prevista na lexislación contractual administrativa, entre as que está non estar ao corrente das obrigas tributarias e de seguridade social.
- 4- Causas sobrevidas de interese público aínda antes da terminación do prazo de adxudicación logo da, de ser o caso, correspondente indemnización. Esta facultade de rescate exercitarase segundo a normativa administrativa reguladora das concesións demaniais.
- 5- Falecemento ou declaración de ausencia do titular, sen prexuízo da posible transmisión a favor de legatarios ou herdeiros.
- 6- Cesión ou traspaso non autorizado.
- 7- Arrendamento da concesión.
- 8- Ter sido sancionado por infracción moi grave ó abeiro deste prego.
- 9- Grave incumprimento das obrigas sanitarias dos nichos ou columbarios, cando sexa imputable ó titular da concesión.
- 10- Por incumprimento da obriga do titular de conservación e mantemento, cando orixine o estado ruinoso da unidade concedida. A estes efectos o Concello instruirá expediente, con audiencia do interesado, no que se establecerá de forma acreditada o estado ruinoso da construción.
- 11- Calquera outra prevista na normativa aplicable ou que se especifique no prego

Á extinción da concesión o Concello quedará facultado para dispor o traslado dos restos e cadáveres conservados, de acordo co Regulamento de Policía Sanitaria e Mortuoria, ao osario común. Unha vez efectuado o traslado, o Concello poderá ordear as obras de reforma que estime necesarias previamente a efectuar nova adxudicación do nicho ou columbario.

Os fetos, vísceras, membros humanos, etcétera, serán incinerados cando se dispoña desta posibilidade e sempre que os interesados non soliciten a súa inhumación.

CAP V RÉXIME SANCIONADOR.

21. Incumprimentos.

As faltas que poden cometer os concesionarios clasifícanse en leves, graves e moi graves:

a) Considérase falta leve:

1-A omisión da necesaria limpeza nas unidades asignadas por parte dos concesionarios.

2-Arroxar residuos e lixo nos pasos comúns, dependencias ou unidades de enterramento.

3-A inobservancia das instrucións dimanantes do Concello ou da Inspección Sanitaria, cando non sexa falta grave ou moi grave.

4- As incorreccións, a violencia verbal e a promoción de escándalos co público e persoal Municipal do Servizo.

5- Causar, danos ás unidades de enteramento, edificacións, xardíns ou instalacións en xeral por valor inferior a 1.500 euros.

6-O incumprimento do horario establecido para o acceso o cemiterio.

7- Considerase, igualmente calquera acción ou omisión do concesionario que supoña un incumprimento de calquer obriga ou deber que teña que realizar o concesionario, ou o incumprimento de calquer norma que esixa a normativa vixente, sempre que non apareza tipificada como falta grave ou moi grave.

b) Constitúe falta grave:

1-A comisión de tres faltas leves no transcurso dun ano.

2- Os altercados ou pendencias que produzan escándalo dentro do recinto do cemiterio ou nas súas inmediacións, con resultado de lesións ou danos.

3- As ofensas leves de palabra, ou de obra, ás Autoridades Municipais, empregados do servizo, á inspección Sanitaria, ós Axentes da Autoridade e ó público en xeral.

4-Causar danos ás unidades de enteramento, edificacións, xardíns ou instalacións en xeral por valor de 1.500 euros ou superior, e inferior a 3.000 euros.

5-O uso indebido ou sen autorización de bens ou servizos xerais.

6-Os incumprimentos que podan calificarse como graves da normativa sanitaria mortuoria, segundo na mesma se estableza e sexan achacables ós propios concesionarios.

c) Terá a consideración de falta moi grave:

1-A comisión de tres faltas graves no transcurso dun ano.

2-Provocar disturbios no funcionamento normal dos servizos.

3-Actos de coacción ou soborno ó persoal do Cemiterio.

4-O incumprimento da resolución recaída como consecuencia dalguna infracción cometida.

5-Ocasionar danos por valor de 3000 euros ou superior nas instalacións por dolo ou negligencia grave.

6- As ofensas graves, de palabra ou de obra, ás Autoridades Municipais, empregados do servizo, á inspección Sanitaria, ós Axentes da Autoridade e ó público en xeral.

7- A modificación da estrutura ou instalacións das unidades de enterramento sen autorización municipal.

8- A cesión ou transmisión non autorizada da concesión ou o seu aluguer.

9- Os incumprimentos que podan calificarse como moi graves da normativa sanitaria mortuoria, segundo na mesma se estableza e sexan achacables ós propios concesionarios do servizo, dos postos ou usuarios.

22. Sancións por faltas cometidas polos titulares das concesións.

As sancións a impoñer son as seguintes:

a) Multa, que se impoña en calquera caso e que pode levar aparellada calquera outra sanción que se aplique.

b) Extinción do contrato de concesión, en caso de infracción moi grave.

As sancións correspondentes a cada clase de infracción graduaranse tendo en conta os criterios obxectivos e subxetivos seguintes:

a) A afectación a saúde e a seguridade das persoas.

b) A posibilidade de reparación ou restablecemento da realidade fáctica.

c) O beneficio derivado da actividade infractora.

d) A natureza dos perxuizos causados.

e) A reincidencia.

f) O grado de malicia do causante da infracción.

g) O grado de participación no feito por título diferente de autoría.

A multa a impoñer ten tres grados, que se corresponden respectivamente con infraccións leves, graves e moi graves, que establecen os límites seguintes:

a) Infraccións leves, ata 750 €.

b) Infraccións graves, dende o día 750,01 data 1500 €.

c) Infracciones moi graves, dende o día 1500,01 ata 3.000 €.

23. Imposición das sancións.

Será competente para impoñer as sancións o Sr Alcalde, con informe dos servizos municipais, e previa audiencia do concesionario.

O importe da multa satisfacerase ó Concello por parte do concesionario no termo de 30 días naturais seguintes o da súa notificación.

De non satisfacerse dentro do termo, as multas faranse efectivas de acordo coa prelación seguinte:

1.- Compensaranse coas débedas que teña pendentes o Concello de Pontevedra co concesionario. O Concesionario autoriza expresamente o Concello de Pontevedra o aceptar o prego para que se proceda a dita compensación.

2.- En canto o abonamento do importe das multas non quede cuberto na súa totalidade polas compensación, o concello poderá utilizar os medios de execución forzosa previsto na Lei 30/1992, de réxime xurídico de administracións públicas e do procedemento administrativo común ou norma vixente aplicable o caso podendo facerse efectivo a través do procedemento de prema ou constrinximento.

A imposición das multas terá lugar sen prexuízo dos danos e perxuízos que sexan esixibles por parte do Concello.

CAP. VI. RÉXIME XURÍDICO.

24. Prerrogativas da Administración.

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpreta-los contratos administrativos e resolve-las dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar, por razóns de interese público, os contratos e acorda-la súa resolución e determina-los efectos desta, dentro dos límites e con suxeción ós requisitos e efectos sinalados na lexislación contractual.

Os acordos que dicte o órgano de contratación, logo de informe da Asesoría Xurídica, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

25. Lexislación aplicable.

No non previsto expresamente no presente prego de condicións estarase ó disposto na Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas; RD 1372/1986 polo

que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais; Lei 30/2007 de contratos do sector público; RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral en desenvolvemento do anterior; Lei 7/85 do 2 de abril e R. D. Lex. 781/86, do 18 de abril; demais normativa aplicable á contratación e bens locais e demais normativa que sexa aplicable en cada momento.

O concesionario sométese expresamente á devandita normativa.

26. Xurisdición competente.-

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polos órganos de contratación; estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, a teor da lei de dita xurisdicción. Non obstante, os interesados poderán interpor o recurso potestativo de reposición previsto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DOS NICHOS E COLUMBARIOS.



Solicitud de participación no procedemento de adxudicación de nichos e columbarios.

Datos titular do solicitante

Primeiro Apelido	Segundo Apelido		
Nome			
NIF	Letra	Tif.	
Enderezo: Tipo de vía (rúa, praza, etc)		Nome da vía	
Número	Escaleira	Andar	Letra
Localidade	Provincia	CP	

EXPÓN:

Que tendo coñemento do procedemento que se tramita para a concesión dos nichos e columbarios va-
leiros do cemiterio municipal de San Amaro en Pontevedra e estando interesado en participar nel, MA-
NIFESTO:

- 1.- Que acepto plenamente o prego de condicións aprobados ó efecto e cantas obrigas do mesmo se deriven, como participante no procedemento e como adxudicatario de chegar a selo.
- 2.- Que non estou incurso en ningunha prohibición de contratar, e especialmente estou ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.
- 3.- Que ou ben son nado no Concello de Pontevedra ou estou empadroadado no Concello de Pontevedra cunha antigüidade mínima dun ano.
- 4.- Que son titular de ¹ nichos e ² columbarios nos cemiterios municipais do Concello de Pontevedra.

SOLICITO:

Que previo os trámites oportunos se lle outorguen en concesión os seguintes (o número máximo que se pode solicitar son 4 nichos e 1 columbario):³

1 , 2 ou 4 NICHOS por un período de 5 ou 75 anos.

1 COLUMBARIOS por un período de 5 ou 75 anos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou pasaporte.

Sinatura _____

Pontevedra, de _____ de 20 _____


AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Concello de Pontevedra, Praza de España s/n 36071 Pontevedra. Tif. 986 804 300

ANEXO II: PLANO DE UBICACIÓN DOS NICHOS.

Exemplar para solicitante

- 1 Indicar o número de nichos que posúe o solicitante.
- 2 Indicar o número de columbarios que posúe o solicitante
- 3 Riscar cun X onde corresponda.



Lenda

- 1.- 28 columnas x 4 filas = 112 nichos
- 2.- 23 columnas x 4 filas = 92 nichos
- 3.- 8 columnas x 4 filas = 32 nichos
- 4.- 12 columnas x 6 filas = 72 columbarios

Pontevedra, 13 de febreiro de 2009.
O concelleiro de servizos territorializados.

Miguel Vázquez Plaza.